



## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ENSINO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE FOZ**

### **Artigo 1.- Concepto**

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación có artigo 41 b), ámbolos dous da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polos servizos de ensino da Escola Municipal de Música de Foz, especificando na tarefa contida no seguinte artigo 3, que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2.- Obrigados ao pagamento**

1. Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza os alumnos/as que se matriculen nalgunha das materias que imparte a Escola en cada curso académico.
2. Pódese fraccionar o pago se as necesidades económicas da familia así o demandan.
3. Estarán exentos de pagamento os alumnos/as que xustifiquen falta de recursos económicos.

### **Artigo 3.- Contía**

***A contía do prezo público fíxase individualmente para cada unha das materias que se imparten na Escola, e conforme á seguinte tarifa: prezo da matrícula será de 73,79 euros/anuais por clases de solfexo para menores de 16 anos e de 98,82 euros/anuais para maiores de 16 anos; e de 73,79 euros/anuais por instrumento para menores de 16 anos e de 98,82 euros/anuais para maiores de 16 anos que se aboarán á hora da matrícula***

***Establécense as seguintes bonificacións en relación coas tarifas anteriores:***

- ***Bonificación aos membros da banda municipal de música de Foz con respecto ás asignaturas directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda: no primeiro ano o 50% do desconto, o segundo ano o 60%, o terceiro ano o 70%, o cuarto ano o 80% e no quinto e sucesivos o 100% de desconto.***
- ***Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa por ensinanzas na Escola municipal de música de Foz, establécense as seguintes bonificacións que afectarán a un máximo de tres asignaturas por alumno/a, sendo que as asignaturas cuarta e seguintes aboarán a totalidade da taxa:***
  - ***Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada***



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

***momento recoñécese unha bonificación do centro por cento da taxa.***

- ***Para suxeitos pasitos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 150 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da taxa.***

***- En canto á forma de pagamento, prevese o fraccionamento do pago do prezo público, a solicitude do interesado.***

### **Artigo 4.- Obriga do pagamento e xestión**

1. A obriga do pagamento nace dende o momento de matricularse nalguna das materias impartidas pola Escola.
2. A falta de aboamento das cantidades correspondentes dará lugar á anulación da matrícula, previo informe do director da Escola.
3. A falta de asistencia, calquera que sexa a súa razón, dos alumnos/as ás clases, no dá dereito á restitución do prezo público que ven establecido polo feito de matricularse.

### **Disposición final**

Esta modificación entrará en vigor a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Foz a, 9 de xaneiro de 2008

O Alcalde  
José María García Rivera

Ordenanza modificada por acordo Plenario de 26 de xullo de 2012. Publicado no BOP de 3 de outubro de 2012.